

MARGARITA LEDO ANDIÓN¹

margarita.ledo@usc.es

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ESPANHA

LUSOFONÍA E O SENTIDO DO ENCONTRO

Cibercultura... regulación... cooperación... foran as tres entradas escolleitas en 2016 para os traballos do XII Congreso LUSOCOM que se recollen nestes Anais. Analisar as mudanzas derivadas de escenarios comunicacionais interconectados, procurar modelos de cooperación dende a diferenza, debater sobre a regulación e traballar á volta da alfabetización mediática como parte do dereito a comunicar so o signo de múltiples voces, da aposta intercultural e da relación entre asociacións como a Acicom, a Agacom, a Intercom, a Mediacom, a Sopcom, son sinais que identifican, outra volta, esta singular cartografía xeo-política e lingüística que no eido dos estudos e investigación en comunicación colle corpo na Federación Lusófona de Ciencias da Comunicación.

Os Anais, cuxa función primeira é conservar os contidos do encontro científico que aconteceu en Praia, son asemade un indicador dos ámbitos que mobilizan o interese da pescuda e da docencia, un leque que espande as súas ás tanto cara aos soportes convencionais coma para a web, os estudos de xénero, as políticas de representación, a identidade, a comunicación organizacional, a historia ou a epistemoloxía, nomeadamente do Sur. Mais o obxectivo práctico das Atas é poder se constituír nun instrumento que se poida aplicar ao aprofundamento dos universos complexos da comunicación como ben fundamental e estruturante en cada sociedade.

A urxencia en reflectir, debater e tomar posición sobre temas – grandes e pequenos – da así chamada sociedade do coñecemento, entre outras razóns para que deixe de ser unha cuestión nominal e poida trasladarse a políticas concretas e, de modo sobranceiro, cuestión relativas ao intercambio

¹ Margarita Ledo Andión foi Presidente da Lusocom entre 2014 e 2017. É atualmente Presidente de Honra da Agacom.

de pareceres de cara a definir tanto a posibilidade coma a identidade dunha política científica para a lusofonía lévanos a esculcar á volta dos diferentes contextos e recursos con que contamos (bibliotecas on line, perfil dos e as pescudadoras, mapa de necesidades no nivel da formación, por exemplo) e tamén naqueles que son imprescindíbeis para facer efectiva unha angueira que día a día fica adiada: o compromiso cun Programa común de mestrado e doutoramento.

Tal obxectivo, sabémolo, pasa por elaborar unha proposta, un protocolo académico inter-universitario que formalice e garanta a posta en marcha dun novo modelo que incorpore o específico de cada país e cultura local para que, mantendo no hourizonte o espazo lusófono de comunicación, poidamos ensaiar o establecemento dunha oferta conxunta de formación teórica e metodolóxica. E a Lusocom, en tanto organización de medición, debера ousar esta transgresión.

Apostamos sempre e sempre argumentanos o sentido do Encontro e nel vemos, para alén de labrar espazos de pensamento crítico que sobordan a integración do particular no xeral –incluído neste xeral o mercado global, esa posibilidade de discernirmos en común aquilo que ten interese para nós-outros co albo de avanzar cara a toma de posición a prol das diferenzas, de pensar a interculturalidade como signo de solidariedade e como escenario para o intercambio de coñecemento e de bens e que ousan arriscar, ou ensaiar, a visibilidade inter-nacional so proxectos colaborativos. A realización do XII Congreso Lusocom e agora a publicación daos Anais son un paso máis neste sentido. Por iso so teño a parabenizar a Asociación irmá, Mediacom, pola organización do duplo encontro académico e científico que deu continuidade ao diálogo que se establecera na cidade de Praia en 2013 co gallo do “I Congreso cabo-verdidano de Ciencias da Comunicación”, e ao Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade da Universidade do Minho, CECS, secomasí a editora e editor das Atas, Profesora Madalena Oliveira e profesor Silvino Lopes Évora.

E retomo unha referencia que, en calidade de Presidenta da Federación, fixen no acto inaugural do Congreso. Falei naquela altura de que na Galiza viña de lle ser concedido o Premio Rosalía (que leva o nome da escritora fundacional da literatura galega moderna e grande axitadora, Rosalía de Castro) á poeta caboverdiana Bernardina Oliveira, autora de *Mornas eran as noites*. Con este premio – dicía – non soamente se recoñece a súa obra de creación literaria senón o seu traballo didáctico, xornalístico e organizativo, como co-fundadora da Associação de Escritores Caboverdianos. Tamén para a Comunicación como Cultura estes Anais representan a parte visíbel

dunha andamiaxe organizativa que leva por nome Lusocom, ese edificio que, cos pés na Terra, en cada unha das nosas Terras, soergue os ollos para un futuro de nós.

Citação:

Ledo-Andión, M. (2018). Lusofonía e o sentido do encontro. In M. Oliveira & S. L. Évora (Eds.), *Livro de atas do XII Congresso da Lusocom – Cibercultura, regulação mediática e cooperação* (pp. 11-13). Braga: CECS.